

TAREFAS PARA O ALUMNADO DE 1º ESO CON ACS

Para esta derradeira quincena de tarefas, na área de Lingua Galega e Castelá propoñemos facer as seguintes actividades:

Lingua galega:

Elaboración dunha **receita**, a que máis vos guste e logo teredes que facela e sacar **fotos** para que podamos ver o que elaborastes.

Para comezar, teredes que **buscar información** da receita a través de:

- **Preguntar** a familiares, amig@s,...
- **Buscar na rede** información do que queredes elaborar.
- Finalmente proceder a **redactar** a receita.

A receita **ten que levar os seguintes datos**:

1. **Ingredientes** (tedes que poñer as **cantidades** e **para cantas persoas** elaboraredes a receita)
2. **Pasos** para a elaboración da receita.

Primeiro escribiredes esta receita no caderno, e logo o que teña posibilidade, terá que copiar nun documento de word a receita e poñer tamén unha foto da mesma.

MANS A OBRA!!!!

Lingua Castelá:

Nos convertimos en escritores!!!!

Realizareis una **redacción** con el siguiente tema:

- ***Como te imaginas que serás dentro de diez años y como será tu vida.***

Como xa estamos rematando o curso queremos que nestas dúas actividades as realicedes con moito esforzo e moito interese (como xa levades feito durante todo este tempo) e así logo podamos tod@s disfrutar do que escribistes. Moito ánimo!!! e moi bo traballo!!!!

Matemáticas

COMO FACER AS ACTIVIDADES QUE TEÑO DE MATEMÁTICAS

- ✓ Estas tarefas son as derradeiras deste curso. Como tes traballado moito e ben, estas tarefas que envío son para facer no ordenador de forma online.

❖ QUE DEBO DE FACER ?

1º. Rematar, pouco a pouco, as tarefas que enviei da vez anterior.

2º. Ao acabar as tarefas, entras no buscador do teu ordenador esta dirección:

aprendiendomates.com

3º. Unha vez posta esta dirección picas na primeira páxina que aparece no buscador:



4º. Unha vez dentro da páxina, hai que entrar e facer o que manden dos seguintes iconos :

- *Operaciones*
- *Problemas*
- *Doble, triple, mitad*
- *€uros*
- *Mayor, menor*

❖ CANDO AS DEBO DE FACER?

A idea é facer de Luns a Venres media hora , máis ou menos, de cada icono.

ÁNIMO, TI PODES ! Saúdos, Quintas.